

O Concello de Xinzo de Limia, co gallo da celebración das Letras Galegas 2017, convoca a segunda edición do premio literario de **NARRATIVA CURTA en galego: “II Concurso literario xuvenil CARLOS CASARES de narración curta – Letras Galegas 2017 – Concello de Xinzo de Limia**. A Concellería de Cultura do Concello de Xinzo de Limia fai públicas as bases polas que se rexerá este concurso literario, neste ano 2017, no que as Letras Galegas homenaxean ao propio escritor que da nome ao concurso literario, **CARLOS CASARES MOURIÑO (1941-2002)**.

• **Primeira:**

Poderán concorrer a este premio os/as nenos/as e mozos/as que presenten, en prazo e forma, **un relato escrito, inédito, da súa autoría, redactado en lingua galega**, de acordo coa normativa oficial vixente.

Estilo dos parágrafos: folio DIN A4 por unha cara, en tipoloxía *Times New Roman 12* ou *Arial 12*, a entrelíña de 1,5 ou dobre, nos escritos realizados con ordenador. Admítense tamén obras manuscritas.

Número de folios: a.- **Júnior**, mínimo 8, máximo de 11 folios. b.- **Xuvenil**: mínimo 5, máximo de 8 folios. c.- **Infantil**: mínimo 2, máxima de 5 folios.

• **Segunda:**

A temática é **libre**.

• **Terceira:**

Haberá tres **categorías**:

1.- Infantil: Idades comprendidas entre o ano 2005 e posteriores.

2.- Xuvenil: Idades comprendidas entre 1999 e 2004 (ambos anos incluídos)

4.- Júnior : Idades comprendidas entre 1992 e 1998 (ambos anos incluídos)

• **Cuarta:**

Os premios correspondentes a cada categoría outorgaranse **en bonos para material escolar e libros** nas librerías de Xinzo de Limia, nas categorías: Infantil **400 €**/ Xuvenil **600 €**; e **1.000 €** en metálico para a categoría Júnior; ademais, **dun diploma e placa**, en todas as categorías, outorgados polo Concello de Xinzo de Limia.

• **Quinta:**

O concurso **faise público o luns, día 27 de Marzo de 2017** e os traballos serán entregados na Casa da Cultura de Xinzo de Limia ou nos Centro de Estudos: I.E.S. e C.E.I.P. de Xinzo de Xinzo de Limia.

Prazo de entrega: Martes, 2 de Maio de 2017, antes das **14:00 h**.

• **Sexta:**

As obras entregaranse nun sobre grande no que figure por fóra só o título da obra. No seu interior, ademais do **texto orixinal**, deberá aparecer outro **sobre pequeno pechado**, no que figurarán o título da obra, o nome e apelidos do/da participante, enderezo e un número claro de teléfono no que poida ser avisado/a no caso de premio. **Serán nulos os traballos que leven á vista o nome do autor/a**.

• **Sétima:**

O fallo do xurado farase público **antes do día 17 de Maio, DÍA DAS LETRAS GALEGAS**. Anunciaranse coa debida antelación, en especial aos/ás gañadores/ras, o lugar, data e hora da entrega dos premios.

• **Oitava:**

O xurado, nesta segunda edición, estará composto por persoas designadas pola Concellería de Cultura do Concello de Xinzo de Limia, entre as que estarán os escritores galegos **Carlos Caneiro e Rafael Laso**; **Xavier Casares Mouriño**, presidente da Fundación Carlos Casares; **Profesores de Lingua e Literatura Galegas** dos centros escolares de Xinzo; **profesores e técnicos** de Cultura, Educación e

Xuventude do Concello, así como a **Bibliotecaria** municipal.

• **Novena:**

A decisión do xurado será inapelable. Os premios saíran da suma das puntuacións dadas por cada un dos membros do xurado na categoría asignada. Levantarase acta do fallo do xurado.

O premio poderá quedar deserto, se o xurado estima que, segundo criterios de valoración literarios e lingüísticos, ningunha das obras presentadas merece ser premiada. Nalgún caso podería fallar premio “ex aequo” de dúas obras que considerase igualmente merecedoras do premio, nalgunha categoría. Nese caso, repartiríase o premio a partes iguais.

• **Décima:**

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases. Ante calquera dúbida, prevalecerá a opinión do xurado. Non se devolverán os traballos presentados, que quedarán recollidos no **arquivo municipal do “Premio Literario Carlos Casares”**. O Concello de Xinzo de Limia resérvase o dereito, nun futuro, da publicación das obras gañadoras nas distintas edicións.

Xinzo de Limia, 31 de Marzo de 2017